

UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
Caballero Rúa, Armando
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos Juan
Deaño Deaño, Manuel
González Piñeiro, Luis
Gutierrez Nieto, Manuel
López Diaz, María
Noia Campos, M^a Camiño
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luís
Cabeza Pereiro, Jaime
Fernández Souto, Ana Belén
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro
Pino Juste, Margarita

PDI-B:

Fernández Covelo, Emma
Gil Villanueva, José María

ESTUDANTES:

Barreiro Rodríguez, Rocío
González Ansias, Yago
Sánchez Gálvez, Estevo
Terol Martín, Irene
Vidal Rodríguez, Saleta

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Grande Seara, Pablo
Mollinedo Lois, Carlos

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 13 de outubro de dous mil dez, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O mércores día **13 de outubro de 2010**, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2010.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da creación da Escola de Enxeñaría Industrial.
4. Aprobación, se procede, do cambio de denominación da E.U. de Fisioterapia, da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e da E.T.S. de Enxeñaría Técnica Forestal.
5. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
6. Aprobación, se procede, de facultar ao reitor para que en nome do Consello de Goberno eleve ao Consello Social a proposta sobre asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores, de desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia de coñecemento e de xestión, correspondentes ás convocatorias da Xunta de Galicia.
7. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal.

8. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Tecnoloxía Electrónica.
9. Proposta de nomeamento do representante (*loaned official*) da Universidade de Vigo na Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e Alimentación (FAO).

10. Aprobación, se procede, do acordo entre a Universidade de Vigo e a Xunta de Persoal Funcionario de administración e servizos sobre a proposta de cambios na organización do PAS a efectos de adecuar a organización ás necesidades da estrutura do goberno da Universidade.
11. Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.
12. Aprobación do nomeamento do delegado do reitor no Centro adscrito “Centro Universitario de la Defensa de Marín”.
13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Peruana de Ciencias e Informática (Perú) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Universitaria de Popayán – Convenio marco de cooperación interinstitucional entre el Instituto Nacional de Antropología e Historia, de los Estados Unidos Mexicanos, e a Universidade de Vigo, España – Convenio marco de colaboración interuniversitario entre a Universidade de Vigo e a Universitat d’Alacant – Convenio que celebran a Universidade de São Paulo (Brasil) por medio da Facultade de Filosofía, Letras e Ciências Humanas polo seu Centro Interdepartamental de Tradução e Terminologia – CITRAT e a Universidade de Vigo (España), tendo como obxectivo a cooperación académica para o intercambio de estudantes, docentes/investigadores e membros do equipo técnico-administrativo – Acordo de colaboración para a realización do proxecto de cooperación e axuda ao desenvolvemento Consolidación do Cultivo de Mexilón en Senegal-COCUMES – Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento do Programa “Empresa-Concepto” 2010-2012.
14. Estimación, se procede, do recurso de alzada interposto por D. Javier Montalvo Rodríguez contra o acordo da Xunta de Facultade de Bioloxía do día 17 de decembro de 2009 onde se aprobou a acta do devandito día.
15. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Natalia Moreira García contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Escola Universitaria de Estudos Empresariais.
16. Aprobación, se procede, da primeira edición do Curso de Especialista en Empresa familiar.
17. Elección dun profesor, un estudante e un PAS para formar parte do Consello Social.
18. Elección da Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado.
19. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno:
 - Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 profesor, 1 estudante e 1 PAS.
 - Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 3 profesores, 2 estudantes e 1 PAS.
 - Comisión de Investigación: 1 profesor, 1 estudante e 1 PAS.
 - Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 3 profesores, 2 estudantes e 1 PAS.
20. Rogos e preguntas.

Toma a palabra o Reitor para anunciar a retirada do punto 18 da orde do día sobre a elección da Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Trátase dunha comisión cuxa composición está recollida no Regulamento do Consello de Goberno, non estando este último regulamento adaptado á LOU, polo que se proporá a súa reforma na seguinte reunión do Consello de Goberno.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2010.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

Informa o reitor aos membros do Consello de Goberno sobre o estado das negociacións do Plan de financiamento.

A comisión de financiamento reuniuse en varias ocasións, polo que o traballo de elaboración do plan de financiamento está bastante adiantado e están acordados os indicadores suxeridos pola Universidade de Vigo que van a servir para repartir os fondos por resultados en función de cumprimento de obxectivos. Non se pode dar máis información ata que peche o plan de financiamento no Consejo de Universidades e aínda están pendentes algunhas reunións. Despois informárase con detalle aos membros do Consello de Goberno.

Aprobouse a modificación do organigrama do equipo de goberno. Quedaron vacantes algunhas áreas, polo que o reitor informa do nomeamento de D. Antonio García Pino como Comisionado de Novos Proxectos e de D. Francisco Xabier Martínez Cobas como Comisionado de Plans Estratéxicos. Así mesmo, informa que foi nomeada Dna. Anabel González Penín como a nova directora da Área de Igualdade e D. Pablo Cabral Pedreira como director da Área de Normalización Lingüística.

O reitor informa que con data de 31 de outubro de 2010 producíranse os cesamentos nas direccións das seguintes áreas: Área de Centros, Área de Implantación de Títulos de Grao, Área de Posgrao e Área de Comunicación. Son áreas das que xa foi acordada a súa supresión na pasada reunión do Consello de Goberno.

O reitor informa que foi asinada unha resolución reitoral, con data de 5 de outubro de 2010, para prorrogar en funcións a D. Luis Espada Recarey como presidente do Tribunal de Garantías ata a elección do novo presidente. A resolución reitoral ten como finalidade non deixar baleira a presidencia desa institución ata que se produza a nova elección. O actual presidente pasou á condición de profesor emérito con efectos económicos e administrativos desde o pasado día 1 de outubro de 2010. Esta foi a razón pola que, con carácter previo á firma da resolución reitoral, foi solicitado a Asesoría Xurídica un informe sobre a posibilidade de desempeñar o cargo de presidente do tribunal sendo profesor emérito. Devandito informe foi favorable á posibilidade de desempeñar o cargo de presidente do tribunal sendo profesor emérito. Iniciaranse as conversacións para que a elección do novo presidente responda a un consenso e se logre un total acordo sobre a persoa que ocupará a devandita presidencia.

O reitor informa aos membros do Consello de Goberno que o proxecto de Campus do Mar presentado á convocatoria de campus de excelencia será avaliado o próximo 19 de outubro en Madrid. O resultado do comité internacional saberase o día 21 de outubro e

calquera que fose o resultado será comunicado ao Consello de Goberno. Agradece a profesores, investigadores e persoal o traballo desenvolvido para mellorar as propostas incorporadas á candidatura e que unisen os seus esforzos para mellorar as propostas.

Intervén o Prf. Alejandro Pereira para preguntar sobre cales son as necesidades que xustifican o nomeamento do novo Comisionado do Plan Estratéxico que recae en Francisco Xabier Martínez Cobas, e que funcións ten encomendadas.

O reitor responde que o comisionado non é de nova creación, que a listaxe aprobada na anterior reunión do Consello de Goberno se daba conta da creación de novos cargos, da supresión doutros e dalgunha actualización nas denominacións, pero que o cargo de Comisionado de Plans Estratéxicos non se suprimiu e a permanencia deste cargo é importante porque o plan estratéxico segue estado vixente e é necesario continuar co seu implementación.

Intervén o Prf. Armando Caballero, pregunta polos nomeamentos de diversas áreas da Vicerreitoría de Profesorado. Toma a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, indicando que son D. Jesús Castro de Estudos de Grao, Dna. Elena Alonso de Estudos de Posgrao e D. Javier Pérez Guerra de Profesorado.

Intervén a Prf^a. Camiño Noia para preguntar polo Servizo de Publicacións, se existe unha nova comisión e se se fixará unha nova planificación con arranxo aos novos directores. O reitor responde que será unha das áreas profesionalizadas e nomearase unha comisión formada por profesores.

Punto 3. Aprobación, se procede, da creación da Escola de Enxeñaría Industrial.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións para explicar os trámites que esixe a creación da Escola de Enxeñaría Industrial, previstos nos artigos 12 do Estatuto da Universidade de Vigo e 8 da LOU. A memoria estivo exposta a información pública ata o día 27 de setembro na páxina web da Universidade, non producíndose en devandito período ningunha alegación á memoria, a documentación presentada pasou á COAP e obtivo o seu informe favorable, tras a aprobación polo Consello de Goberno e cumpridos todos os trámites correspondentes (informe do Claustro e do Consello social) corresponde tramitala ante a Xunta de Galicia. A vicerreitora de profesorado solicita o acordo dos membros de Consello de Goberno para a creación da Escola de Enxeñaría Industrial para continuar cos trámites para a súa aprobación definitiva, así como, a autorización dos citados membros para habilitar ao reitor e continuar coa tramitación ante a Xunta de Galicia unha vez superados os trámites do Consello Social e Claustro.

Apróbase por asentimento.

Intervén o Prf. Luís González Piñeiro, pide que conste en acta que desexa que o novo centro se denomine “Escola de Enxeñaría”, no canto de “Escola de Enxeñaría” como figura no punto da orde do día. Que solicitaron un informe ao Área de Normalización Lingüística e informou favorablemente o uso do termino “Enxeñaría”.

Intervén o Prf. Alejandro Pereira preguntando por que non se achegou documentación sobre a creación da escola como complemento do punto 3 da orde do día. O reitor cede a palabra á secretaria xeral que sinala que non se achegou máis documentación porque se considerou que non era necesaria ao estar a memoria exposta a información pública durante un mes. O Prf. Alejandro Pereira recomenda que na próxima ocasión se engada un enlace á web da Escola de Enxeñaría para manter informado ao Consello de Goberno. Tamén suxeriu axilizar os trámites para a completa creación da escola e pediu información sobre os prazos correspondentes respecto ao período transitorio definido na memoria.

Intervén o alumno Estevo Sánchez para que se solicite novamente un informe a Normalización Lingüística a fin de ter información sobre cal é o uso lingüístico correcto. O reitor está de acordo en solicitalo e en función de dito informe procederase á unificación das denominacións dos centros.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, do cambio de denominación da E.U. de Fisioterapia, da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e da E.T.S. de Enxeñaría Técnica Forestal.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións para expor aos membros do Consello de Goberno os trámites legais que de acordo co artigo 12 dos Estatutos e 8 da LOU deben observarse para autorizar os cambios de denominación da Escola Universitaria de Fisioterapia, da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e da E.T.S. de Enxeñaría Técnica Forestal. Informa aos asistentes do cumprimento do trámite de exposición pública da solicitude e da documentación que a acompañaba na páxina web da Universidade, e que ditas exposicións públicas finalizaron sen alegacións os días 12 de maio para Fisioterapia e Telecomunicacións e o 27 de setembro para Forestais; tamén que as solicitudes foron informadas favorablemente pola COAP. A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións solicita dos membros do Consello de Goberno a aprobación, se procede, dos distintos cambios de denominación.

Cédese a palabra á Prf^a. Edita de Lorenzo que expón que na reunión ordinaria da Xunta de Escola, celebrada o 22 de decembro de 2009, aprobouse por asentimento solicitar o cambio do nome oficial do centro e a súa modificación a:

- *Escola de Enxeñaría de Telecomunicación* (galego).
- *Escuela de Ingeniería de Telecomunicación* (en castelán).
- *Telecommunication Engineering School* (en inglés).

A Xunta de Escola Universitaria de Fisioterapia solicita o cambio de nome a *Facultade de Fisioterapia*.

A Xunta de Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal a *Escola de Enxeñaría Forestal*.

Apróbase por asentimento os cambios de nome solicitados.

Apróbase por asentimento habilitar ao reitor para a tramitación de toda a documentación á Xunta de Galicia unha vez superados os trámites do Consello Social.

Punto 5. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen sinala que de acordo á reunión da COAP celebrada o 28 de setembro de 2010, dáselle informe favorable ás seguintes prazas:

Don David Pousada González acreditado como Catedrático de Universidade na área de Xenética, solicita a promoción directa por persoal pois hai unha praza vacante.

Apróbase por asentimento.

Don Francisco Rocha Valdés, acreditado como Profesor Titular de Universidade en Ciencias, solicita praza de nova creación para a área de Zooloxía no Departamento de Ecoloxía e Bioloxía animal polo programa especial de Promoción do PDI de 2009 da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento

Don Juan Carlos Pardo Fernández, acreditado como Profesor Titular de Universidade de Enxeñería e Arquitectura, solicita a creación dunha praza na área de Estatística e Investigación Operativa no Departamento de Estatística e Investigación Operativa polo programa especial de promoción PDI.

Apróbase por asentimento.

Dona Leticia Lorenzo Picado, acreditada como Profesora Titular de Universidade de Ciencias Sociais e Xurídicas, solicita unha praza de titular de universidade na área de Coñecemento de estatística e investigación operativa no Departamento de Estatística e Investigación Operativa polo programa de promoción.

Apróbase por asentimento.

Don Jesús Ramón Flores Rodríguez, acreditado como Catedrático de Universidade de Ciencias, solicita saída a concurso da praza de catedrático na área de coñecemento de Química Física no Departamento de Química Física pola modalidade de posuír tres sexenios de investigación.

Apróbase por asentimento.

Dona Araceli González Crespán, acreditada como Titular de Universidade, solicita creación dunha praza para a área de coñecemento de Filoloxía Inglesa no Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá pola modalidade de promoción.

Apróbase por asentimento.

Dona Carmen Lúa Seles, acreditada como profesora Titular de Universidade, solicita saída a concurso de praza na área de Literatura Española no Departamento de Literatura Española e Teoría da Literatura polo programa de promoción.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, de facultar ao reitor para que en nome do Consello de Goberno eleve ao Consello Social a proposta sobre asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores, de desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia de coñecemento e de xestión, correspondentes ás convocatorias da Xunta de Galicia.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen expón que cada ano a Xunta de Galicia, de acordo co previsto non artigo 69.3 da LOU, fai unha convocatoria de retribucións adicionais para o persoal docente ligada a méritos individuais, docentes, investigadores, de desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia de coñecemento e de xestión. O procedemento que se segue para a súa concesión é que unha vez recoñecidas esas retribucións pola Xunta, o Consello de Goberno debe facer a proposta de asignación individual dos complementos ao Consello Social.

Tendo en conta que o recoñecemento dos méritos por parte da Xunta de Galicia non coincide na mesma data, e para evitar que en cada reunión do Consello de Goberno teñamos que aprobar a proposta de asignación de retribucións, a proposta que se fai ao Consello de Goberno é que se faculte ao reitor para que eleve ao Consello Social, con carácter indefinido, a proposta de asignación das retribucións adicionais ao persoal docente.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal.

Cédese a palabra a secretaria xeral que sinala que de acordo coa información achegada o Regulamento de réxime interno do Departamento de Ecoloxía Animal foi aprobado polo Consello de Departamento o 18 de decembro de 2008, que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica e que non habendo ningún impedimento legal sométeo á aprobación dos membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Tecnoloxía Electrónica.

Cédese a palabra á secretaria xeral que sinala que o Regulamento de réxime interno do departamento de Tecnoloxía Electrónica foi aprobado por Consello de Departamento con data de 14 de setembro de 2010, que conta con informe favorable da Asesoría Xurídica e que non habendo ningún impedimento legal sométese a súa aprobación ao acordo dos membros do Consello de Goberno.

Toma a palabra o Prf. Armando Caballero para preguntar por que se aproba este regulamento de funcionamento interno de departamento cando hai unha anterior comunicación por parte da Secretaría Xeral solicitando a paralización do proceso de elaboración dos regulamentos de departamento ata que se aprobe unha normativa marco.

Toma a palabra a secretaria xeral para indicar e recoñecer que é certo que hai un correo da Secretaría Xeral indicando que a data para ter elaborados os regulamentos adaptados aos novos Estatutos quedaba en suspenso, pero que, o regulamento do departamento que se somete á aprobación, foi solicitado expresamente polo seu director porque procede dun departamento complexo que conta cun elevado número de profesores e de comisións. O regulamento actualmente en vigor é moi antigo, quedouse obsoleto e a súa observancia dificulta a xestión diaria e eficaz de devandito departamento.

Aprobase por asentimento.

Punto 9. Proposta de nomeamento do representante (*loaned oficial*) da Universidade de Vigo na Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e Alimentación (FAO).

O reitor toma a palabra para propor aos asistentes a aprobación do nomeamento do Prf. Castor Guisande do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal como representante do reitor na Organización de Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO). Engade que o nomeamento ten a súa orixe na solicitude de colaboración por parte da FAO para desenvolver e aplicar a plataforma IPEZ, trátase dun programa informático que permitirá cambiar o sistema de identificación de especies dun modo fácil e accesible en calquera parte do mundo. O reitor subliña que é importante que a Universidade de Vigo se faga ver na FAO e que o programa deseñado poida estar ao servizo da organización internacional.

O reitor sinala que o nomeamento do Prof. Guisande conta con apoio legal no art. 59 dos Estatutos, que nomeamentos similares contan con precedentes na Universidade de Vigo, como o director do Gradiant, e que neste caso o nomeamento non leva acompañado ningún complemento económico, salvo o desconto docente. Por outra banda sinala que non resulta complicado cubrir a docencia que deixa o Prf. Guisande, xa que, se trata dun departamento onde hai certa folgura.

O Prof. Armando Caballero toma a palabra para facer constar a súa felicitación para o Prf. Guisande por devandito nomeamento e á universidade pola firma do convenio.

O Prf. Jaime Cabeza toma a palabra para sinalar que se suma ás felicitacións feitas polo Prf. Armando Caballero pola designación do Prf. Castor Guisande, pero sinala que no próximo regulamento de profesorado se regulen estes descontos docentes para dotar dun tratamento homoxéneo e non causar agravios comparativos entre os profesores.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, do acordo entre a Universidade de Vigo e a Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos sobre a proposta de cambios na organización do PAS a efectos de adecuar a organización ás necesidades da estrutura do goberno da Universidade.

O reitor cede a palabra ao xerente que dá conta do acordo alcanzado entre a Universidade de Vigo e a Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos para adecuala ás necesidades da actual estrutura de goberno. Sinala que, froito da modificación, créanse catro novos postos de xefatura de negociado, desaparecendo catro postos de libre designación que ata o momento prestaban servizos nas vicexerencias de Ourense e Pontevedra e en dúas vicerreitorías que desaparecen (Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea e Vicerreitoría de Planificación) ao adscribirse as súas funcións a outros. Así mesmo, o posto base de quenda de mañá na secretaría do reitor transformase nun posto de libre designación na quenda de tarde. O acordo tamén contempla o acceso de persoal de administración e servizos ás direccións de área de descentralización, xestión académica, normalización e igualdade, de acordo á documentación anexa (**anexo I**).

Cédese a palabra ao Sr. Xan Cebro, quen sinala que o acordo entre a Xunta de Persoal e a Universidade de Vigo foi unha negociación entre Xerencia e Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos, e polo tanto, solicita a súa aprobación por parte do Consello de Goberno. Tamén solicita que os postos sexan cubertos segundo a lexislación vixente, é dicir, a través do sistema público de libre designación entre funcionarios con destino na Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.

O reitor cede a palabra ao xerente que dá conta de cada unha das transferencias de crédito que figuran na documentación anexa (**anexo II**).

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Aprobación do nomeamento do delegado do reitor no Centro adscrito “Centro Universitario de la Defensa de Marín”.

O reitor toma a palabra para propor o nomeamento do Prf. José Luis Míguez Tabarés, Catedrático de Enxeñería mecánica como delegado do reitor no “Centro Universitario de la Defensa”.

Apróbase por asentimento.

O Prf. Alejandro Pereira quere facer constar a súa satisfacción polo nomeamento do Prf. Míguez Tabarés.

Punto 13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Peruana de Ciencias e Informática (Perú) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación

Universitaria de Popayán – Convenio marco de cooperación interinstitucional entre el Instituto Nacional de Antropología e Historia, de los Estados Unidos Mexicanos, e a Universidade de Vigo, España – Convenio marco de colaboración interuniversitario entre a Universidade de Vigo e a Universitat d'Alacant – Convenio que celebran a Universidade de São Paulo (Brasil) por medio da Facultade de Filosofía, Letras e Ciências Humanas polo seu Centro Interdepartamental de Tradução e Terminología – CITRAT e a Universidade de Vigo (España), tendo como obxectivo a cooperación académica para o intercambio de estudantes, docentes/investigadores e membros do equipo técnico-administrativo – Acordo de colaboración para a realización do proxecto de cooperación e axuda ao desenvolvemento Consolidación do Cultivo de Mexilón en Senegal-COCUMES – Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento do Programa “Empresa-Concepto” 2010-2012.

Apróbase por asentimento.

Punto 14. Estimación, se procede, do recurso de alzada interposto por D. Javier Montalvo Rodríguez contra o acordo da Xunta de Facultade de Bioloxía do día 17 de decembro de 2009 onde se aprobou a acta do devandito día.

Foron invitados como interesados o Prof. Javier Montalvo Rodríguez e a Prf^a. Cristina Arias como decana da Facultade de Bioloxía. Asiste o Prf. Montalvo Rodríguez.

Cédese a palabra á secretaria xeral que sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polo Prof. Javier Montalvo Rodríguez e que no escrito presentado en Secretaría Xeral identifica o seu asunto como “impugnación de Acta da Xunta de Facultade de Bioloxía de 17 de decembro do 2009”.

A secretaria xeral expón ante os asistentes que os argumentos do recorrente nos que fundamenta a impugnación da acta son os seguintes:

Que na sesión da Xunta de Facultade de Bioloxía que tivo lugar o 17 de marzo de 2010, no punto número 1 da orde do día, relativo á lectura e aprobación da acta da sesión anterior (17/12/09), o Prf. Montalvo Rodríguez solicitou a introdución de emendas aos puntos dous e tres da acta e a súa aprobación de forma separada. Que, o señor decano e outros profesores, impediron a súa consideración e impulsaron a aprobación da acta de data 17/12/2009 sen emendas e relegaron dita petición e a consideración dos documentos achegados polo Prf. Montalvo Rodríguez ao punto número 17 da orde do día (rogos e preguntas).

Que considera que as declaracións efectuadas polo decano no punto número 1 da orde do día relativo aos informes do decano na Xunta de Facultade de 17 de decembro de 2009 e os acordos que constan na acta, son lesivas a súa imaxe, ao dereito á presunción de inocencia, e constitúen un prexuízo obxectivo a súa avaliación da actividade docente e non pode considerarse válida a súa inclusión e adopción.

A continuación a secretaria xeral dá conta da documentación que constan no expediente e cuxa copia obra en poder dos membros do Consello de Goberno: a acta da Xunta

de Facultade de data 17 de decembro de 2009, o informe do decano da Facultade de Bioloxía emitido o día 16 de abril de 2010 a petición da Asesoría Xurídica e o informe da Asesoría Xurídica.

Seguidamente a secretaria xeral expón aos asistentes que dado que se trata da impugnación dun acordo dun órgano colexiado, de conformidade cos artigos 6.4 da LOU e 24.2 do Estatuto da Universidade de Vigo, é competente o Consello de Goberno para resolver o asunto.

Seguidamente dá conta do contido do informe da Asesoría Xurídica. O informe fai referencia ao art. 27.1 da Lei 30/1992 de procedemento administrativo, segundo o cal, a aprobación da acta supón a conformidade dos membros asistentes ao recollido polo secretario para documentar a sesión dos aspectos que prevé o artigo 27.1 da Lei 30/1992 (asistentes, orde do día, circunstancia de tempo e lugar, puntos principais das deliberacións e contido dos acordos). Cando acta se aproba nunha sesión posterior pode ocorrer que asistan membros que non estiveran presentes sobre o recollido na acta nunha sesión na cal non estiveron, pero os que non asistiron non poden prestar disconformidade sobre unha sesión sobre a cal non asistiron.

Polo exposto, o informe da Asesoría Xurídica aconsella a desestimación do recurso, por canto segundo os antecedentes que constan no expediente o Prf. Montalvo Rodríguez non asistiu á Xunta de Facultade de Bioloxía do día 17 de decembro de 2009, do que trae causa a acta cuxa impugnación pretende o Prf. Montalvo Rodríguez, e ademais, a mesma aprobouse na sesión do 17/03/2010 por 30 votos a favor, 1 en contra e 1 abstención.

Por todo o anterior, a proposta que se fai ao Consello de Goberno é a desestimación do recurso.

Intervén o Prf. Montalvo Rodríguez para mostrar o seu desacordo coa proposta que se fai desde a mesa. Insiste en que os termos en que está redactada a acta que recolle as declaracións e descualificacións do decano afectan á súa dignidade de profesor e aos seus méritos docentes. Fai referencia a que o expediente disciplinario que se menciona na acta foi obxecto dun recurso contencioso administrativo que foi estimado ao seu favor deixando sen validez e anulando a sanción imposta. O Prf. Montalvo Rodríguez levántase e deposita na mesa unha copia da sentenza á que fai referencia.

A secretaria xeral contesta ao Prof. Montalvo Rodríguez que o que se discute non é o acertado ou desacertado das valoracións nin os feitos que se imputan ao Prf. Montalvo Rodríguez na acta de 17/12/2009, e tampouco se estas foron ou non obxecto posterior dunha sentenza xudicial estimatoria da súa pretensión. A secretaria xeral manifesta que a cuestión xurídica cinguese a se o procedemento adoptado polo recorrente é o adecuado para ordenar a rectificación da acta e anular o acordo de Xunta de Facultade sobre o informe da valoración da súa actividade docente no período relativo ao quinquenio 2001-2006. A secretaria xeral explica que a impugnación da acta non é un procedemento adecuado para intentar rectificar as declaracións do decano nin a impugnación daquel acordo. Que non se poden introducir as emendas na forma que pretende. Un acta é un documento que ten por finalidade dar fe do sucedido na realidade dunha sesión e é preciso estar presente na sesión. A posibilidade de facer emendas ten por finalidade corrixir a discrepancia entre o que a realidade escrita e o

realmente ocorrido. Se o que pretende é impugnar algún acordo, debe facer como tal mediante a presentación dun recurso e os acordos correspondentes (a acta é correcta porque reflexa o acontecido na sesión). Respecto doutros termos que se aluden no recurso os termos da redacción impiden que se deduza o seu verdadeiro carácter dentro do que se identifica como impugnación dun acta.

Ábrese unha roda de intervencións e prodúcese un pequeno debate sobre o contido da acta. Toma a palabra o Sr. Luís Pérez para sinalar que debería haber unha maior reserva cos expedientes informativos e disciplinarios, polo que considera improcedentes parte das manifestacións feitas polo decano na acta de Xunta de Centro, pese ao cal entende que non se pode impugnar a acta.

Toma a palabra o Sr. Estevo Sánchez para dicir que na súa opinión a natureza do acta é dar testemuño do realmente ocorrido na Xunta de Facultade e que non pode ser obxecto de anulación.

Toma a palabra o Sr. Xan Cebro que coincide co exposto polo Sr. Luís Pérez que as declaracións son ofensivas e que debería ordenarse ao decano que retire ou suprima os termos que afectan á consideración do Prf. Montalvo Rodríguez.

Toma a palabra o Prf. Jaime Cabeza para sinalar que comparte que as declaracións nas que se expresa o decano son desafortunadas e que non deberían figurar na acta pero que dá o seu apoio á proposta efectuada desde a mesa pola secretaria xeral en relación a que o procedemento de impugnación da acta que intenta o Prf. Montalvo Rodríguez non é o adecuado para reparar a súa dignidade e estima como profesor.

O reitor reitera a proposta de desestimación do recurso.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso.

Punto 15. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Natalia Moreira García contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Escola Universitaria de Estudos Empresariais.

Toma a palabra o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade para propor a estimación do recurso interposto pola alumna Natalia Moreira García contra o acordo de non admisión a trámite da súa avaliación curricular, foi obxecto de informe favorable pola COAP de data de 28/09/2010

O informe favorable susténtase no feito de que a cualificación media da estudante supera a nota de corte que a COAP establece en función da porcentaxe de aprobados na materia nos derradeiros cinco cursos.

Cédese á palabra ao Sr. Estevo Sánchez quen sinala que deberían clarificarse os requisitos para aprobar este tipo de solicitudes. Que deberían informarse a todos os estudantes da Universidade de Vigo dos trámites que deben seguirse para iniciar este tipo de solicitudes.

Toma a palabra a Prf^a. Camiño Noia para solicitar que se revise o acordo do Consello de Goberno sobre a normativa de avaliación curricular para evitar que, alumnos que nunca cursaron a materia e que non demostraron o esforzo mínimo para superala, poidan obter a cualificación de “apto por compensación”.

Apróbase por asentimento.

Punto 16. Aprobación, se procede, da primeira edición do Curso de Especialista en Empresa familiar.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade quen sinala que se trata dun Curso de Especialista en empresa familiar proposto polo Departamento de Economía Financeira e Contabilidade, que conta co informe favorable da COAP e o Servizo de Titulacións, e de acordo coa normativa vixente, debe aprobalo o Consello de Goberno polo que, a proposta é que se aprobe.

Apróbase por asentimento.

Punto 17. Elección dun profesor, un estudante e un PAS para formar parte do Consello Social.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas soamente se presentou unha candidatura de cada sector, polo que non é preciso celebrar eleccións. Formarán parte do Consello Social:

- Por parte do sector do profesorado: D. José Manuel García Vázquez (Fac. de CC. Económicas e Empresariais).
- Por parte do sector do PAS: D. Carlos Mollinedo Lois (Biblioteca Central do Campus de Pontevedra).
- Por parte do sector de estudantes: D. Estevo Sánchez Gálvez (Fac. de CC. Económicas e Empresariais).

Punto 18. Elección da Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Retirado da orde do día.

Punto 19. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno:

- Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 profesor, 1 estudante e 1 PAS.
- Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 3 profesores, 2 estudantes e 1 PAS.
- Comisión de Investigación: 1 profesor, 1 estudante e 1 PAS.
- Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 3 profesores, 2 estudantes e 1 PAS.

Comisión de Organización Académica e profesorado: 1 profesor, 1 estudante e 1 PAS:

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se presentaron o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir nos sectores de profesorado e PAS, polo que non procede facer eleccións nestes sectores. As persoas que pasan a formar parte desta comisión son:

Sector Profesorado: Dna. Margarita Piñeiro Juste (Fac. de CC. da Educación e do Deporte).

Sector PAS: D. Carlos Mollinedo Lois (Biblioteca Central do Campus de Pontevedra).

Sector Estudiantes: vacante.

Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 3 profesores , 2 estudantes e 1 PAS.

Presentáronse o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir nos sectores de profesorado e PAS, polo que non procede facer eleccións nestes sectores. As persoas que pasan a formar parte desta comisión son:

Sector Profesorado: D. Enrique Barreiro Alonso (Escola Superior de Enxeñaría Informática); D. Pedro Arias Sánchez (E.T.S.E. de Minas); Dna. Ana Belén Fernández Souto (Fac. de CC.SS. e da Comunicación).

Sector PAS: D. Luís Pérez Gómez (Biblioteca Central de Ourense).

Sector Estudiantes: D. Estevo Sánchez Gálvez (Facultade de CC. Económicas e Empresariais). Queda unha vacante.

Comisión de Investigación: 1 profesor, 1 estudante e 1 PAS.

Presentáronse o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir, polo que non procede facer eleccións. As persoas que pasan a formar parte desta comisión son:

Sector Profesorado: D. Juan Carlos Meana Martínez (Fac. de Belas Artes).

Sector PAS: D. Xoán Cebro Rodríguez (Edificio Fundación).

Sector Estudiantes: vacante.

Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes: 3 profesores, 2 estudantes e 1 PAS.

Presentáronse o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir nos sectores de profesorado e PAS, polo que non procede facer eleccións nestes sectores. As persoas que pasan a formar parte desta comisión son:

Sector Profesorado: D. Manuel Gutiérrez Nieto (E.U. de Fisioterapia); D. Alejandro Pereira Domínguez (E.T.S. de Enxeñeiros Industriais); D. José M^a Gil Villanueva (Fac. de CC. da Educación e do Deporte).

Sector PAS: D. Luís Pérez Gómez (Biblioteca Central-Ourense).

Sector Estudiantes: Dna. Saleta Vidal Rodríguez (Fac. de CC. Empresariais e Turismo de Ourense). Queda unha vacante.

Toma a palabra o Sr. Estevo Sánchez para destacar que é moi difícil cubrir todas as vacantes, xa que, son poucos os estudantes e que deben figurar en todas as comisións.

Punto 20. Rogos e preguntas.

O Sr. Estevo Sánchez pregunta polo funcionamento das garderías, que os alumnos que teñen fillos deben ter acceso ao servizo para favorecer a conciliación da vida familiar e o estudo, e que ademais que se facilite que os alumnos de educación infantil poidan acceder a bolsas de prácticas ou contratos en formación. Responde o reitor que sobre o modelo de xestión das garderías infantís se enviará información sobre os convenios que están en proceso de firma co consorcio de benestar social e os concellos. Neste momento está en proceso de elaboración o convenio da gardería do campus de Pontevedra. Os destinatarios do servizo de garderías son toda a comunidade universitaria

A Prf. Mercedes Suárez solicita que se harmonice o calendario dos mestrados, que todos os mestrados teñan o mesmo calendario, que o período de preinscripción se adiante ao mes de xuño para que non coincida co inicio do calendario escolar.

Intervén o Prf. Enrique Barreiro para sinalar que as súas preguntas as entregará á secretaria xeral para incorporalas como anexo á acta (**anexo III**).

O Prf. Alejandro Pereira expón que distintos profesores transmitíronlle a súa preocupación pola incerteza de como se van impartir os distintos graos nas escolas de enxeñería, pregunta á vicerreitora de profesorado sobre se hai algunha planificación para asignar os graos ás distintas sedes e se se repetirá o procedemento do sorteo que se fixo no caso dos alumnos.

A vicerreitora de profesorado di que na súa vicerreitoría están empezando a traballar no tema en colaboración coas direccións dos centros implicados. As seis titulacións teñen un curso común, os alumnos entraron en primeiro curso nunha bolsa común, e repartíronse por sorteo de letra. Serán as propias direccións dos centros as que terán que facer propostas sobre a forma de organización da docencia no futuro. Á vicerreitoría correspóndelle decidir se é factible, pero a proposta ten que vir da comisión xestora e dos propios centros.

O Prf. Armando Caballero sinala que non se cumpriu a promesa da Xerencia sobre a posibilidade de poder consultar en tempo real e a través da secretaría virtual a situación administrativa dos proxectos e contratos.

Tamén sinala que debe adecuarse a normativa dos anos sabáticos co comezo do curso académico. Na actualidade, o período de goce do ano sabático termina o 30 de setembro, pero o curso académico comeza antes desa data, polo que, roga que se revise o procedemento de concesión para que finalicen o 31 de agosto.

Tamén fai un rogo para que se fixe ou estableza a data da apertura oficial do curso académico a fin poder planificar o curso con antelación e non verse sorprendidos intempestivamente coa publicación da data, por canto o día da apertura oficial non é día lectivo.

Tamén sinala os problemas que lle causou o programa XESCAMPUS no seu labor de xestión como coordinador de máster, cualifica o programa de ineficaz e inoperativo. Tamén quere deixar constancia do seu agradecemento á Prf^a Elena Alonso.

Súmase ás observacións da Prf^a Mercés Suárez sobre o reaxuste e revisión do calendario dos mestrados e a necesidade de harmonizar o período de matrícula co comezo das clases. Sinala os problemas que desde o punto de vista da cobertura do seguro escolar poderían derivarse de asistir a clase sen estar formalizada a matrícula.

O Prf. Armando Caballero tamén sinala as queixas dalgúns profesores polos recortes de orzamento en publicacións bibliográficas, solicita que se aumenten os recursos respecto diso e recórdalle ao reitor que ese aumento de fondos figuraba no seu programa electoral.

O Prf. Jaime Cabeza recorda ao reitor a súa promesa reitoral de que se pagarían integramente ao PDI as pagas extras, tamén pon de manifesto o seu desconcerto porque sexa o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade quen defenda a aprobación do curso de especialista en empresa familiar, xa que, descoñecía que recaese nesa vicerreitoría a responsabilidade da tramitación dos títulos propios de posgrao, máster e especialista universitario.

O Prf. Jaime Cabeza solicita información sobre a noticia de que a anterior vicexerente do Campus de Ourense ten actualmente un contrato de asistencia técnica, solicita que se lle acheguen os datos sobre a duración, prorrogas, contido e prezo do contrato.

En referencia aos nomeamentos, o Prf. Jaime Cabeza quere facer constar en acta as súas felicitacións polo nomeamento da Prf. Elena Alonso, pero reproba totalmente as figuras dos comisionados porque non se dá conta ao Consello de Goberno do contido das súas tarefas, porque non teñen o rango de vicerreitores, porque non procede o nomeamento dun comisionado de plans estratéxicos e que, por suposto, rexeita o Comisionado de Novos Proxectos.

O reitor toma a palabra para dicir que a estrutura de goberno se aprobou na anterior reunión do Consello de Goberno, que a nova estrutura implica unha redución do 40 % dos postos anteriores, e que se lle fará chegar todo o organigrama coas competencias e funcións.

Intervén o Sr. Luis Pérez Gómez para dicir que está previsto que o Concello de Pontevedra faga a cesión do edificio da ONCE no lugar de Campo Longo á Universidade, para facer realidade unha residencia para o Campus de Pontevedra, tantas veces demandada aos anteriores gobernos desta Universidade; pero a súa preocupación é a seguinte ¿ten a Universidade feito algún traballo de viabilidade do que sería realizar esta residencia tan lonxe do Campus Universitario?

O Sr. Luis Pérez Gómez sinala que no campus novo de Ourense hai unha limitación de velocidade a 30 km por hora pero que nesta última época o campus comeza a ser escenario de carreiras e competicións de vehículos, recomenda que se tomen medidas e se inicien conversacións coas autoridades locais para evitar esas competicións, xa que, poden derivar en danos persoais.

O Sr. Xan Cebro pregunta sobre o pago íntegro das pagas extras para o PAS funcionario.

Pregunta polo proceso de designación do director de gasto na área de publicacións e se este nomeamento terá lugar unha vez que desapareza o director da área.


O Sr. Xan Cebro solicita que se faga un regulamento para que as manifestacións e expresións que teñen lugar no Claustro polos representantes non sexan obxecto de sancións disciplinarias ou puidese serlles de aplicación o regulamento de réxime disciplinario de funcionarios, xa sexa do Estado ou o autonómico. Tamén sinala o descontento co programa informático XESCAMPUS, o cal non respecta a normativa de alumnado, para aclarar dúbidas ou solucionar problemas hai que chamar a un 902, a chamada é cara e non sempre se obtén a resposta adecuada. Para rematar, insta ao equipo reitoral a tomar unha decisión sobre a xestión dos POPs.

O reitor dá unha resposta colectiva ás preguntas formuladas sinalando que se está traballando en todas as áreas e que comparte unha gran parte das preocupacións expostas, pero uns asuntos son máis fáciles de abordar e outros máis difíciles.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 horas do día 13 de outubro de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia



A Secretaria xeral

M^{ca} Inmaculada Valeije Álvarez